



Sr. Secretario Xeral de Calidade e  
Avaliación Ambiental  
Consellería de Medio Ambiente,  
Territorio e Infraestruturas  
Xunta de Galicia

D. Serafín J. González Prieto, Presidente da SGHN, en relación coa Consulta sobre Decisión de Avaliación de Impacto Ambiental do proxecto LAT 132 KV de evacuación do Parque Eólico Xinzo Norte (Sarreaus; Ourense), promovido por Torre de Hércules, SL, clave 2011/0190,

## EXPÓN:

1. Que o proxecto afectaría a 2 especies catalogadas como vulnerables (*Circus pygargus*, *Circus cyaneus*) e a 3 especies catalogadas en perigo de extinción en Galicia (*Burhinus oedicephalus*, *Vanellus vanellus* e *Tetrax tetrax*) polo Decreto 88/2007, pois está sobradamente documentada a súa presenza como se pode comprobar coa simple lectura da bibliografía ornitoloxía publicada sobre a zona. Xa que logo, non é certa a afirmación de que na área afectada polo proxecto “Según el régimen de protección en Galicia no hay ninguna especie en peligro de extinción” (páx. 18 do Documento de inicio)
2. Que o proxecto afectaría á ZEPA de A Limia e a 22 especies incluídas no Anexo I da Directiva Aves, con presenza sobradamente documentada como se pode comprobar coa simple lectura da bibliografía ornitoloxía publicada sobre a zona: *Ciconia ciconia*, *Pernis apivorus*, *Elanus caeruleus*, *Milvus migrans*, *Neophron percnopterus*, *Circus aeruginosus*, *Circus pygargus*, *Circus cyaneus*, *Hieraaetus pennatus*, *Falco peregrinus*, *Grus grus*, *Tetrax tetrax*, *Otis tarda*, *Burhinus oedicephalus*, *Pluvialis apricaria*, *Asio flammeus*, *Caprimulgus europaeus*, *Calandrella brachydactyla*, *Lullula arborea*, *Anthus campestris*, *Lanius collurio*,
3. Que o tendido proxectado atravesaría a chaira da antiga lagoa de Antela e, xa que logo, unha zona recurrentemente asolagada durante as enchentes invernales, polo que de pouco servirá a medida preventiva de que “Se mantendrá una distancia de seguridad mayor a 10 metros entre el apoyo y cualquier corriente de agua, para garantizar no interferir en la calidad de la misma” (páx. 30 do Documento de Inicio).

## SOLICITA:

Que o proxecto se someta a Estudio de Impacto Ambiental e que éste:

1. Avalíe con detalle e rigor as posibilidades de conectar a SET do Parque Eólico Xinzo Norte con outras SET existentes nas proximidades en lugar de coa SET Sarreaus e, no caso de que non existan SET alternativas, avalíe como alternativa que a LAT proxectada sexa soterrada no ámbito da ZEPA de A Limia e a súa Zona Periférica de Protección. Se é técnica e economicamente viable soterrar os tendidos que conectarán os aeroxeneradores do Parque Eólico proxectado en áreas de monte con maiores dificultades de excavación, tamén o será nunha zona chaira e de solos areosos, aínda que ésta sexa asolagable pois a tecnoloxía para facelo está dispoñible dende hai tempo.
2. Avalíe con detalle e rigor as posibles afeccións do proxecto sobre:
  - a. Hábitats de conservación prioritaria na UE (DC 92/43/CEE) e, consecuentemente, adapte o proxecto para evitalos totalmente pois non existen razóns imperiosas de interese público de primeiro orden (artigo 6 da DC 92/45/CEE, artigo 45 da Lei estatal 42/2007) para que sexan afectados por un proxecto de LAT 132 KV de evacuación dun parque eólico.



- b. Hábitats de interese comunitario (DC 92/43/CEE) e estudie alternativas para minimizalos canto sexa técnica e ambientalmente posible.
3. Avalíe con detalle e rigor as posibles afeccións do proxecto sobre TODAS as especies incluídas no anexo I da Directiva Aves, na Directiva 92/43/CEE, no *Catálogo Español de Especies Amenazadas* (Real Decreto 139/2011) e no Catálogo Galego de Especies Ameazadas (Decreto 88/2007) presentes na zona e contemple a adaptación do proxecto para evitalas totalmente no caso de especies de interese comunitario e/ou en perigo de extinción, pois non existen razóns imperiosas de interese público de primeiro orden (artigo 6 da DC 92/45/CEE, artigo 45 da Lei estatal 42/2007) para que sexan afectados por un proxecto de LAT de evacuación dun parque eólico, ou para mitígalas no caso das restantes especies catalogadas. Ademais, no caso de especies catalogadas como vulnerables ou en perigo de extinción, o EIA debería contemplar a inclusión de todas as medidas preventivas e/ou correctoras recomendadas nos Plans de conservación de especies ameazadas que teña elaborados (ou en elaboración) a Xunta de Galicia de acordo co previsto nos artigos 15 e 16 do Decreto 88/2007.

En Santiago de Compostela, a 5 de setembro de 2011